



BREO, un novo grupo de folk que emana e bebe da tradición galega, mesturando a música tradicional e a cultura inmaterial de Galiza con novos sons, creando unha música contemporánea de raíz.

Cun directo potente, fresco, e á súa vez maino e afabel, **BREO** translada, coa forza de todos e cada un dos seus compoñentes, a importancia e o valor de que as nosas músicas continúen vivas.

BREO fórmase a finais do ano 2022 coa coas ganas de facer música folk dos seus cinco compoñentes.

Deciden publicar o seu primeiro sinxelo en febreiro de 2023, dando a coñecer xa de forma aberta o proxecto no que se está a traballar coa musicalización do poema **'Nao Senlleira'**, de Fermín Bouza Brey, título do sinxelo.

En xuño do mesmo ano, sae á luz o segundo sinxelo, neste caso instrumental, composto por Beito Romero Diéguez, titulado **'Alumea-lo pan'**.

Cunha continuidade, tanto nos directos, pasando por lugares como Festival Folk de Sisalde (Arteixo), Magosto de Balboa (O Bierzo) o Feito a Man (Santiago de Compostela), arqueixa Rock & Folk (Laza), St. Patrick's (A Coruña e Chantada)..., como a nivel compositivo en xaneiro de 2024 sacan o seu 3º SINGLE **'Canto Raibas'** coa colaboración de Sabu l'Avisou.

Ese mesmo ano, sacan o seu primeiro traballo discográfico; **'Máis alá'**, onde aparecen cancións novas, compostas polo grupo, e cancións recuperadas do repertorio tradicional galego e de outras nacións do atlántico, como Irlanda.

Neste primeiro traballo, **BREO**, quixo reflexar a importancia que ten dentro da cultura galega o mundo máxico que convive con nós, narrando, a través da música, costumes, crenzas ou ritos que chegaron ate os nosos días, recordando á figura, imprescindible, que conseguiu que isto fora posible: xs nosxs maiores.



FORMACIÓN



Sandra Novais Meireles: Voz, teclado e pandeireta.

Nada en Guimarães, Portugal en 1998, actualmente vivindo en Cedeira. Comeza os seus estudos no Conservatorio Profesional de Ferrol nas especialidades de canto e acordeón.

Posteriormente, continúa os seus estudos no Conservatorio Superior de Música de A Coruña na especialidade de Pedagogía Musical e Acordeón; así como Educación Infantil na Universidade da Coruña.

Actualmente imparte clases de canto e pandeireta, acordeón e baile tradicional nas Asociacións Culturais Buxainas (Cedeira) e Troula do Ortegal (San Adrián, Ortigueira). Tamén é profesora de canto, piano e estimulación musical temperá na escola de música Dando la Nota, en Ferrol.

En 2022 pasa a formar parte de Dequenvessendo, participando en festivais como o Festival Irmandiño (Moeche) ou o Intercéltico de Ortigueira.

Ese mesmo ano, 2022, tras dar por finalizada a etapa do grupo Dequenvessendo, funda xunto a outros compañeiros o grupo: BREO.



Samuel Lafuente Carballeda: Violín e voces

Nado en A Coruña en 2000. Aos 8 anos comeza a súa formación como violinista, da man de grandes mestres como Nuria Naya (actual violinista de Luar na Lubre), con quen se inicia; Jorge Montes ou Javier Cedrón (ex-violinista de Luar na Lubre), con quen se adentra no folk. Durante 3 anos forma parte da Orquesta Infantil da Sinfónica de Galicia e, no 2019, toca coa Orquesta Gaos.

A súa formación como violinista foi acompañada dunha gran traxectoria vocal, destacando 8 anos no Coro Infantil e Xuvenil “Cantabile”, con concertos en Madrid, Viena, Lourdes, Oporto... e actualmente, no Coro Gaos, co que gañou dous premios no Certame de Torrevieja e realizou a Opera “Norma”.



Rubén Gómez: Guitarras.

Nado en Ferrol, en 1986. Aos 5-6 anos comeza no mundo da música a través da Banda de Ferrol, adentrándose no mundo da gaita. No 2002 entra na Banda de Gaitas “Terra de Trasancos” facendo numerosos concertos en Valladolid, Madrid..., e importantes colaboracións como o gaiteiro asturiano Jose Angel Hevia. Tamén, durante este ano, entra na A.F.C “Terra Meiga” compaxinando a súa actividade musical coa docencia. No 2007 comeza a traballar coa guitarra, e en 2008 funda, xunto a outros compañeiros o grupo Alén de Ancos, tocando en festivais como o Festival Intercéltico de Ortigueira, e con quenés saca un traballo discográfico, titulado “Trinus” en 2014. O grupo desfaiase en 2016. En 2012, de forma paralela a Alén de Ancos, comeza no grupo ferrolano BÖJ, co cal continúa ata a actualidade. Con el participa en numerosos festivais de renome, como o xa mencionado Intercéltico de Ortigueira e gañan o concurso do festival Folkez Blai en Ermoa.

Paralelamente, en 2022 pasa a formar parte de Dequenvessendo, participando en festivais como o Festival Irmandiño (de Moeche) ou o Intercéltico de Ortigueira.

Ese mesmo ano, 2022, tras dar por finalizada a etapa do grupo Dequenvessendo, funda xunto a outros compañeiros o grupo: BREO.



Migui Ocampo: Bodhran, Percusións e Programacións.

Nace en A Coruña en 1999. O seu interese pola música, chega da man do seu tío, Patxi Bermúdez, percusionista de Luar Na Lubre. En 2016 comeza a tocar como tamborileiro na A.C. Triskell (Armentón, Arteixo), onde coñece a outros rapaces cos que funda o grupo folk Dequenvessendo, tocando en múltiples festivais destacando Festival Folk Río Sisalde (Arteixo), Festival Carballeira (Zas), Festival Intercéltico de Ortigueira, onde gañan o concurso Runas, Festival Irmandiño (de Moeche), entre outros. Así mesmo tamén colabora con outros artistas (Luar Na Lubre, Citania, D´urria, Xabi Aburruzaga, etc.) podendo disfrutar de outros escenarios como o Festival de Pardiñas, Folixa nel Paraisu (Asturias), Festival Fai un Sol (Sevilla)...

En 2022, tras dar por finalizada a etapa do grupo Dequenvessendo, funda xunto a outros compañeiros o grupo: BREO.



Bieito Romero Diéguez: Frauta Traveseira, Acordeón diatónico e Gaita.

Nado en 1998, en A Coruña. Dende moi novo comeza a súa andaina musical da man do seu pai Bieito Romero, de Luar na Lubre. Tras obter os estudos básicos de formación musical, continúa desenvolvéndose como músico. En 2016, comeza a dar clases na A.C. Triskell (Armentón, Arteixo), onde coñece a outros rapaces cos que funda o grupo folk Dequenvessendo, chegando a tocar en festivais como Festival Folk Río Sisalde (Arteixo), Festival Carballeira (Zas), Festival Intercéltico de Ortigueira onde gañan o concurso Runas, Festival Irmandiño (de Moeche)... Na súa andaina musical, tamén acompaña durante as xiras Ribeira Sacra e Vieiras e Vieiros, Historias de Peregrinos a Luar na Lubre e colabora con artistas como D'urria, Eduardo Coma... Colabora, tamén en varios traballos discográficos: "Ribeira Sacra" de Luar na Lubre (2018), "Cubalicia", de Eduardo Coma (2021), "Baixo a luz de Breogan", do grupo Astarot (2022), "Love and Oz II", do lendario grupo Mago de Oz...

En 2022, tras dar por finalizada a etapa do grupo Dequenvessendo, funda xunto a outros compañeiros o grupo: BREO.





[FACEBOOK](#) | [INSTAGRAM](#) | [SPOTIFY](#) | [YOUTUBE](#)



Management / Contratación
Maruchy Suárez
www.mirmidon.es
maruchy.mirmidon@gmail.com
34 667 706 241